



# ROTEIRO DA CROA (VILABOIA)

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2019



**Distancia:** 1 km (lineal)  
**Dificultade:** baixa



## ENSEADA DE SAN SIMÓN

Ocupa o fondo da Ría de Vigo, a partir do estreito de Rande. É unha cubeta tectónica moi colmatada de sedimentos procedentes das achegas dos ríos. Unha zona abrigada con augas pouco profundas, cunha enorme superficie de marismas que queda descuberta ao debalar o mar. Os espazos recollidos, pouco profundos, con sedimentos areosos e materia orgánica, son os lugares onde se atopan os bancos marisqueiros e as pradeiras de sebas. A fauna máis representativa é a mariña, moi rica en vermes, berberechos, ameixas, xibas... e as aves acuáticas.



Desembocadura do río Ulló

Un percorrido pola costa do concello de Vilaboa, desde o linde con Pontevedra, na parroquia de Paredes, ata A Larache. Para coñecer algúns dos lugares máis destacados: o monte da Cerca, A Saíñas do Ulló, o monte da Croa e a enseada de Larache. Un roteiro de interese natural, etnográfico e paisaxístico, levando sempre á vista a Enseada de San Simón, unha parte da Ría de Vigo protexida como LIC/ZEC.

Unha camiñada para facer en calquera época do ano coa marea alta ou baixa, o que nos ofrece diversidade de visións: o espello das augas calmas ou os grandes areais ao descuberto; as aves acuáticas, a flora das marismas e rochedos ou o traballo das xentes do mar...

## PERCORRIDO

Tomamos como punto de partida o **peirao de Paredes** e a **praia do Areiro** e seguimos o roteiro indicado pasando polas **puntas do Ulló e do Castelo** (no monte da Cerca) ata chegar ao punto de partida do muro que pecha o fondo da **enseada do Ulló**, onde estaba situado o **muíño de marea**. Aquí podemos cruzar polo dique ou seguir pola beira ata a desembocadura do **rego de**

**Tuimil (A Xunqueira)** e dar a volta pasando pola bancada das saíñas, para seguir pola zona onde estaba a **granxa das Saíñas** e baixar de novo ao pé da costa no **peirao de Acuña** ou **dos Caralletes**.

Seguimos beireano a costa ata meternos polo interior do bosque da **punta Xundice** e as leiras que nos levan ata **Larache**, onde remata.





Punta de Paredes



Praia do Areiro



Praia do Areiro, coa enseada de San Simón ao fondo



Punta Ulló



Punta do Castelo

Ao debalar o mar quedan ao descuberto marismas e areais. As marismas son hábitats de augas mornas e mansas onde bule a vida vexetal (algas verdes, sebas) e animal (miñocas que remexen o substato e se alimenta de residuos, como os cagóns ou arenícolas).



Auga retida no encoro do antigo muíño de Vilaboa.



Muros do muíño de marea



A Xunqueira (Río Tuimil)



As Saiñas do Ulló están, situadas no remate do esteiro do Ulló, en Paredes. Funcionaron desde o século XVII (cara ao ano 1637) e foron moi importantes para abastecer de sal á cidade de Pontevedra durante o século XVIII. Comezaron a ser explotadas polo Colexio dos Xesuítas de Pontevedra en 1694 e acadaron grande importancia nos seguintes anos. A finais do século XIX, neste mesmo lugar, construíuse un muíño de marea do que so quedan algúns restos (os muros de peche e construcións en ruínas).



Enseada do Ulló



Punta das Saiñas



Peirao de Acuña ou dos Caralletes



Punta Xundice



Enseada de Larache

